

BANDO MUNICIPAL

Veciños e veciñas, a autorización de impacto ambiental da Xunta á megacelulosa de Altri e a pretensión de abrir a mina do Touro - O Pino representan unha grave ameaza para o territorio, o noso medio de vida e o noso futuro.

A planta de Altri consumirá unha cantidade desmesurada de auga do río Ulla –máis que toda a provincia de Lugo– e prevé verter ao mesmo río 30.000m³/día. Isto porá en risco a calidade das augas da ría de Arousa, afectando directamente ao sector do mar, que sostén 19.000 empregos directos e máis de 50.000 indirectos. Falamos dun sector clave para a economía e identidade da nosa comarca e representa o 33% da economía do concello de Ribeira.

Resulta prioritario manter ou mellorar o estado ecolóxico do río Ulla para garantir o abastecemento de auga potable á poboación e ás industrias conserveiras aquí instaladas que tamén se verían prexudicadas por unha diminución da calidade ambiental do río. Por se todo iso fose pouco o impacto negativo deste proxecto tamén pon en perigo explotacións agrogandeiras que producen alimentos de calidade e impulsará aínda máis do monocultivo do eucalipto, agravando a perda de biodiversidade e aumentando o risco de incendios forestais.

A experiencia internacional demostra que este tipo de proxectos só deixan contaminación e espolio dos recursos naturais. Outros países como Portugal e Noruega xa rexeitaron propostas semellantes porque non garanten un desenvolvemento sostible nin xeran emprego de calidade. Galiza debe apostar por un modelo económico sostible, que protexa os nosos recursos e potencie sectores innovadores e respectuosos co medio natural. O noso mar ou o noso rural son a nosa riqueza e non podemos hipotecar o seu futuro.

Por todo isto, facemos un chamamento á veciñanza a mobilizarse contra este proxecto e a participar na manifestación que terá lugar **o sábado 22 de marzo ás 12:00 horas na Pobra do Caramiñal**.

Defendamos o noso mar, o noso rural e o noso futuro.

Ribeira, 19 de marzo de 2025

O alcalde
Luís Antonio Pérez Barral



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90017256900G4Y2C1R6I3C7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 19/03/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/03/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/03/2025 09:39:16

DOCUMENTO: 20251516905
Fecha: 19/03/2025
Hora: 09:39

CSV: 07E90017256900G4Y2C1R6I3C7

